

# La Voz de Galicia.es

## NATACIÓN

La Voz 5/1/2010

Debido á suspensión do Campionato Galego Absoluto de natación, que se ía a celebrar en Santiago o día 18 deste mes, o club Natación Ferrol Elinco organizou unha competición á que denominou «Toma de tempos Elecnaval», aproveitando que moitos nadadores aínda podían facer boas marcas para finalizar o ano e aínda que a posta a punto xa pasou e non estaban ao cento por cento déronse grandes marcas e mínimas tanto para o Open de Málaga ou nacionais infantís, como mínimas galegas de todas as categorías.

Participaron nadadores do Náutico de Narón, Natación Ponteareas, Natación Arroaz de Fene e o Ferrol Elinco. Ata un total de 76 nadadores estaban convocados polo club anfitrión o sábado día 26 nas instalacións Javier Gómez Noya de Ferrol. As marcas máis destacadas da tarde foron as mínimas nacionais conseguidas para o próximo campionato de primavera Open de Málaga, do mes de abril, a cargo de Claudia Villar nos 200 costas cun crono de 2.18.64, que é nova marca do club. Héctor García na proba de 50 bolboreta logrou un rexistro de 24.70; Luis Suárez nos 100 libres logrou outro excelente rexistro de 49.96, e que é xunto ao seu compañeiro Marcos García os únicos nadadores galegos en activo que este ano baixaron de 50 segundos nos 100 libres e o propio Marcos García en 100 bolboreta cunha marca de 52.14, marca que lle supuxo a prata no pasado nacional pelexando polo ouro de non ser por ter que retirarse das previas. Con todo, a marca máis espectacular da xornada foi nos 50 braza, tamén de Marcos García, que con 27.82, convértese no primeiro nadador galego en baixar de 28 segundos e aínda que é marca oficial e mínima para o Open non pode ser validada como marca galega ao non ser como rexe a normativa con crono electrónico. A marca galega está en posesión de Daniel Caamaño do Pavillón de Ourense cunha marca de 28.59. Tamén sobresaíu o traballo de Patricia García nos 400 metros libres, que cun tempo de 4.38.62 logrou rebaixar a súa marca en máis de 15 segundos establecendo unha nova marca do club. En categoría infantil destacada actuación de Nerea López que segue crescendo como nadadora e obtivo mínima nacional para o Campionato de España Infantil nos 50 libres cunha marca de 28.02, que é ademais nova marca do club. Para os campionatos galegos foron moitas as mínimas, tanto de categoría benjamín, alevín e infantil. A competición foi unha boa oportunidade para ver en acción a boa parte dos novas talentos da natación da comarca ferrolá.